

cultura

Polo dereito a soñar un futuro “en galego”

Escritores de Galicia elaboran un manifesto contra a política lingüística da Xunta

Axencias

SANTIAGO

Reivindicar o dereito de todos os cidadáns a “vivir e soñar un futuro en galego”. Este foi o obxectivo que xuntou onte en Santiago a escritores coma Suso de Toro, Rosa Aneiros ou Teresa Moure, que apoiaron a lectura dun manifesto —promovido pola Asociación de Escritores en Lingua Galega— co que demandan a defensa do idioma galego fronte á política de “odio” da Xunta que “ameaza con derribar o edificio que os séculos levantaron”.

O presidente desta organización, Cesáreo Sánchez sinalou que, como escritores, son “depositarios da identidade dun pobo”, que o longo dos séculos, construíu unha literatura “filla dunha cultura”.

O representante da AELG afirmou que actualmente o Goberno autonómico está “rompendo e quebrando” o proceso de normalización “máis ou menos lento” que existía ao introducir medidas que son “involutivas”. Por iso, a asociación realizou un manifesto para exigir o dereito a que o proceso de normalización do galego “permaneza na ensinanza, na Administración e en todos os

lugares da vida cotiá dos cidadáns”.

Na lectura do manifesto —que tivo lugar diante da estatua de Rosalía de Castro na Alameda de Santiago—, participaron escritores en lingua galega como Suso de Toro, Rosa Aneiros, Xabier Docampo, Bieito Iglesias e Teresa Moure, entre outros, que deixaron claro que estaban alí para “conxurarse en loita” cos que están en contra da súa “palabra” porque “non se pode ser galego contra o galego”, segundo a poeta e actriz Antía Otero.

A todos os unía unha causa común: defender o galego e “reivindicar unha maior presenza” do idioma, tal e como expresou a poeta Marta Dacosta. Pola súa banda, o escritor Xabier Queipo asegurou que “o galego non se impón, restitúese”, en resposta á decisión adoptada por Núñez Feijóo de apostar po-

lo “bilingüismo” ante unha suposta “imposición do galego” levada a cabo polo bipartito.

Suso de Toro ou Rosa
Aneiros critican que o
Goberno autonómico
“rompa” o proceso
de normalización

Suso de Toro sostivo que a literatura galega é “unha declaración de intencións”, idea que secundou Teresa Moure ao afirmar que “a lingua non vén só de nacemento, senón que é ademais unha relación elixida”. Por iso, Bieito Iglesias afirmou que “nada hai no mundo máis podre que o desprezo pola diferenza”.

Tras a lectura dos textos que compoñían o manifesto, os escritores ofreceron un ramo de flores á estatua de Rosalía de Castro, por ser a “poeta nacional a palabra da cal foi fundadora da nación”, segundo indicou o presidente da AELG, Cesáreo Sánchez Iglesias.

A poetisa foi protagonista durante todo o acto, xa que antes do comezo da lectura do manifesto, o presidente fundador da asociación, Bernardino Graña, dirixíuse a esta autora para decirlle á “nai nutricia da palabra galega” que se manifestan contra “un odio que ameaza con derrubar o edificio que os séculos ergueron para acollernos como pobo e como xente”.

Pola súa banda, Cesáreo Sánchez afirmou que “é unha sorte para todo o pobo galego ter unha poeta que é fundadora da cultura dun país” e da súa literatura. O presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega engadiu que todos os autores presentes no acto que se celebrou onte en Santiago sintense “identificados con ela” e fixeron unha ofrenda para que os acolla “no seu abrazo protector”.